**Proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de ARQUITECTO/A TÉCNICO/A en desenvolvemento da OEP 2020. Expediente 2022 ATEC000038.**

Manuel Vicente Novo Lijó, secretario do tribunal avaliador do proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de ARQUITECTO/A TÉCNICO/A en desenvolvemento da OEP 2020 (Expediente 2022 ATEC000038)

**CERTIFICA: Que, por unanimidade dos membros presentes do Tribunal, reunido en sesión de data 27/04/2023, acordouse o que a continuación se transcribe, literalmente recollido na "ACTA NÚMERO 6.- PROCESO SELECTIVO: FASE DE OPOSICIÓN – SEGUNDO EXERCICIO – CORRECCIÓN, E CUALIFICACIÓN FINAL."**

**...**

***PRIMEIRO.-*** **Outorgar a cada un dos/as aspirantes definitivamente admitidos/as a este proceso selectivo que a continuación se relacionan as puntuacións que en cada caso se indican polo segundo exercicio da oposición, declarando aprobados aqueles/as que acaden, como mínimo, 8 puntos e declarando, no seu caso, non aprobados, e polo tanto eliminados/as deste proceso selectivo, ós/ás que non acadaron a referida puntuación mínima:**

| Nº | Apelidos e nome | D.N.I. | CÓDIGO | Puntuación |
|---|---|---|---|---|
| 1 | Hermida Varela Diego | **637**** | 99450913 | **11,95** |
| 2 | Salorio Alvarez, Francisco Javier | **312**** | 84594328 | **10,60** |

***SEGUNDO.-*** Que se publique no Taboleiro de Anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica) e na súa páxina Web oficial (www.ribeira.es) o resultado da cualificación deste segundo exercicio da fase de oposición do xeito que se detalla no cadro anterior, sinalando que, de conformidade coa Base 8.1.3 das que rexen este proceso selectivo, contra a valoración deste segundo exercicio da fase de oposición os/as aspirantes poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas perante o propio tribunal avaliador.
A reclamación, que unicamente deberá referirse á valoración ou proba que se publique, poderá efectuarse tanto respecto da puntuación obtida na valoración da proba como respecto ó contido das preguntas formuladas, se fose o caso. A reclamación tamén pode consistir na consulta do exercicio da propia persoa aspirante co fin de coñecer as razóns da súa puntuación.
Para a presentación de reclamacións disponse dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios (sede electrónica). Co fin de axilizar trámites, as persoas aspirantes que non presenten reclamación no rexistro xeral do Concello de Ribeira, poden facelo enviando ao fax 981 871 610, ou ao correo electrónico maria.sieira.rios@ribeira.gal, a condición de que conste a acreditación de presentala ante calquera outro rexistro non municipal.

***TERCEIRO.-*** De acordo co previsto na Base 8.1.2.c) das do presente proceso selectivo, declarar innecesaria a celebración do terceiro exercicio, dado que consta no Expediente que os candidatos



CSV: 07E700108D5500X3D4X3M6Y4K4

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E700108D5500X3D4X3M6Y4K4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MANUEL VICENTE NOVO LIJO-T.A.G. SERVICIOS ECONÓMICOS - 02/05/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 02/05/2023 14:25:36

EXPEDIENTE :: 2022ATEC000038
Fecha: 16/08/2022
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

que superaron o segundo exercicio, de conformidade co establecido no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, están exentos/as da realización desta proba por ter acreditado estar en posesión do certificado CELGA 4, a validación do curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente.

***CUARTO.-*** Proceder á **CUALIFICACIÓN FINAL** do presente proceso selectivo, que arroxa o seguinte resultado:

| Nº | APELIDOS E NOME | D.N.I. | FASE CONCURSO | FASE OPOSICIÓN 1º EXERCICIO | FASE OPOSICIÓN 2º EXERCICIO | TOTAL OPOSICIÓN | PUNTUACIÓN FINAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Hermida Varela Diego | **637**** | 12,00 | 10,40 | 11,95 | 22,35 | 34,35 |
| 2 | Salorio Álvarez Francisco Javier | **312**** | 2,20 | 10,00 | 10,60 | 20,60 | 22,80 |

***QUINTO.-*** Conforme á Base 9ª das que rexen o presente proceso selectivo, condicionada ás posibles reclamacións, o Tribunal formula ó Concello de Ribeira proposta de nomeamento como funcionario de carreira a favor do aspirante coa maior puntuación acadada, ***D. DIEGO HERMIDA VARELA*** (D.N.I. **637****).

Contra as propostas finais dos/as aspirantes aprobados e, en xeral, contra os actos de trámite, si estes últimos deciden, directa ou indirectamente, o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, e que non esgoten a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada en base ao artigo 121 da Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte o da súa notificación, ou da súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica). Transcorridos tres meses desde a interposición sen que recaia resolución, poderase entender desestimado o recurso, quedando expedita a vía do recurso contenciosoadministrativo, e todo ele sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro que estime pertinente.

***SEXTO.-*** De acordo co previsto no parágrafo segundo da citada Base 9ª das que rexen o presente proceso selectivo, por se o órgano convocante o considera necesario para asegurar a cobertura da praza convocada no caso de renuncias, este Tribunal, igualmente condicionada ás posibles reclamacións, formula a seguinte relación complementaria de aspirantes para o seu posible nomeamento como funcionario de carreira polo Concello de Ribeira:

**D. FRANCISCO JAVIER SALORIO ÁLVAREZ** (D.N.I. **312****)

**…**”

En Ribeira, na data da sinatura dixital.
O SECRETARIO DO TRIBUNAL,
Manuel Vicente Novo Lijó



CSV: 07E700108D5500X3D4X3M6Y4K4

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E700108D5500X3D4X3M6Y4K4 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MANUEL VICENTE NOVO LIJO-T.A.G. SERVICIOS ECONÓMICOS - 02/05/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 02/05/2023 14:25:36

EXPEDIENTE :: 2022ATEC000038
Fecha: 16/08/2022
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL